FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ACTA Nº 2021/7

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

PRESIDE:
JUAN MANUEL SABORIDO RAMA
ASISTEN:
PSOE
MARÍA MERCEDES NOCEDA
GÓMEZ RAFAEL ANTONIO
RIVEIRO PIÑEIRO SANDRA
FERNÁNDEZ SIABA
JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ REY
PP
AGUSTÍN MANUEL
GONZÁLEZ DOSIL JOSÉ
ELISARDO GARCÍA LAGO
PEDRO LADO RIVEIRO
BNG
MARÍA BELÉN CAMPOS
DÍAZ MARÍA PILAR
TUBÍO LARIÑO
MANUEL MÁXIMO SOUTO BARREIRO
SECRETARIA
MARÍA DOLORES MACEIRAS MARTÍNEZ

No Salón de sesións da Casa do Concello de Carnota, ás 20:00 horas do día 25 de novembro de 2021, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria que subscribe, co obxecto de celebrar a Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación, conforme ao réxime de sesións acordado polo Pleno en cumprimento do establecido no artigo 46.1 daLei7/1985,LBRL.

Comprobada a existencia de quórum suficiente e o cumprimento dos demais requisitos formais legalmente esixidos para a válida celebración do acto, o Presidente declara aberta a sesión, procedéndose a tratar os diversos asuntos incluídos na orde do día que se incluíron na convocatoria.

I. PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación, se procede, da Acta da sesión anterior.

De acordo co previsto no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, ROF, pregunta o presidente se algún membro da Corporación desexa facer algunha observación con respecto á acta da sesión anterior (n.º2021/6 do 30/09/2021) que se entregou coa convocatoria.

Non se realizan observacións, polo que se considera aprobada a Acta por unanimidade.

2. Aprobación inicial da Ordenanza municipal reguladora da parada e estacionamento de autocaravanas, vehículos campistas e caravanas no Concello de Carnota.

Pola presidencia infórmase da seguinte proposta:

Expediente núm.: 2021/G013/000002
Procedemento: Aprobación de Ordenanza Municipal Reguladora da parada e estacionamento no Concello de Carnota de autocaravanas, vehículos campistas e caravanas

En relación co expediente relativo á aprobación da Ordenanza Municipal Reguladora da parada e estacionamento no Concello de Carnota de autocaravanas, vehículos campistas e caravanas

ANTECEDENTES DE FEITO

Á vista dos seguintes antecedentes:

Documento	**Data/ Núm.**	**Observacións**
Providencia de inicio	07/05/2021	Alcaldía
Informe de Secretaría	14/05/2021	Procedemento
Anuncio no Portal Web do Concello da Consulta Pública	18/05/2021	Alcaldía
Anuncio en portal web	21/05/2021	Alcaldía
Informe de rexistro e Certificado de Secretaría das Opinións Presentadas	15/09/2021	Rexistro e secretaria
Informe proposta secretaría	16/11/2021	Secretaría
Proxecto de Ordenanza	16/11/2021	Servizos técnicos municipais

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable é a seguinte:
— Os artigos 4, 22.2.d), 25, 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
— Os artigos 128 ao 131 e 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
— O artigo 56 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.
— O artigo 26 da Lei 50/1997, de 27 de novembro, do Goberno *[en todo aquilo que sexa adaptable á Administración Local].*
— O artigo 7.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Visto o informe-proposta de secretaría, considerando que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Pleno de conformidade cos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Polo exposto, PROPOÑO ao Pleno da Corporación o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora da

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

parada e estacionamento de autocaravanas, vehículos campistas e caravanas no Concello de Carnota,

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible

CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

nos termos que figura no proxecto de ordenanza aportado ó expediente polos servizos o 16/11/2021 e se xunta ao presente.

SEGUNDO. Someter dita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no *Boletin Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de 30 días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza municipal no portal web do Concello co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

TERCEIRO. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno. O acordo de aprobación definitiva tácita da Ordenanza, co texto íntegro da mesma, publicarase para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletin Oficial da Provincia.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

Ademais, remitirase á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días, a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial, así como copia íntegra autenticada.

CUARTO. Solicitar directamente a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen ás persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos vérense afectados pola norma e cuxos fins garden relación directa co seu obxecto.

QUINTO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

PROXECTO DE ORDENANZA APORTADO AO EXPEDIENTE EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Non se pode descoñecer que a actividade do autocaravanismo ou turismo itinerante experimentou un crecemento significativo nos últimos anos en toda Europa, o que significa que a regulación normativa sectorial debe responder axeitadamente aos problemas que expón esta actividade para as persoas usuarias, administracións públicas e cidadanía en xeral, nos diversos ámbitos materiais afectados.

Na regulación desta actividade concorren ámbitos competencias e materiais diferentes, que necesariamente haberán de se conciliar. Así, os artigos 90 e seguintes do Regulamento Xeral de Circulación indican que se deberá observar ao efecto o disposto nas ordenanzas que diten as autoridades municipais, en relación cos lugares nos que se deben efectuar paradas e estacionamentos nas vías urbanas.

No ámbito local, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) ten elaborado esta Ordenanza Municipal Modelo, co obxectivo de que serva de referencia aos Concellos da Comunidade Autónoma para regular esta actividade.

Xa que logo, a través desta Ordenanza, o Concello de Carnota establece no exercicio das súas competencias a regulación e ordenación de todos os aspectos relativos a esta actividade nas vías públicas municipais e nos espazos públicos do municipio, así como o establecemento das zonas con reserva de estacionamento ou de zonas con puntos de reciclaxe e os requisitos para a súa instalación e funcionamento, sexan de titularidade municipal ou de titularidade privada. Estimouse necesaria a regulación desta actividade cunha dobre finalidade: Por un lado, acadar maior seguridade

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

xurídica e establecer maiores garantias para os autocaravanistas, promotores e xestores de zonas de estacionamento e puntos de reciclaxe, sexan de titularidade pública ou privada; xestores dos servizos municipais e para a cidadanía en xeral. Por outro, fomentar o

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

desenvolvemento económico do municipio, especialmente coa promoción de espazos de uso público para autocaravanas, como xacemento turístico e fonte de riqueza.

Visto o artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local que establece que "o municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

A través desta Ordenanza, o Concello de Carnota establece pois no exercicio das súas competencias, a regulación e ordenación de todos os aspectos relativos a esta actividade nas vías públicas municipais e nos espazos públicos do municipio, así como o establecemento das zonas con reserva de estacionamento ou de zonas con puntos de reciclaxe e os requisitos para a súa instalación e funcionamento, sexan de titularidade municipal ou de titularidade privada.

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación.

1. A presente Ordenanza Municipal ten como obxecto establecer un marco regulador que permita a distribución racional dos espazos públicos e do estacionamento temporal ou itinerante dentro do termo municipal, coa finalidade de non entorpecer o tráfico rodado de vehículos, preservar os recursos e espazos naturais, minimizar os posibles impactos ambientais, garantir a seguridade das persoas e a debida rotación e distribución equitativa dos aparcamentos públicos entre as persoas usuarias das vías públicas, así como fomentar o desenvolvemento económico do municipio, especialmente o turístico, en relación ao uso das autocaravanas, furgonetas campistas e caravanas.
2. Esta Ordenanza desenvolve as competencias que ten atribuídas o Concello de Carnota sobre as distintas materias que afectan á actividade de autocaravanas, furgonetas campistas e caravanas, tales como o tráfico e circulación de vehículos sobre as vías urbanas, mobilidade, turismo, medio ambiente, saúde pública, consumo e desenvolvemento económico, así como a potestade sancionadora, no marco das normas europeas, estatais e autonómicas que sexan de aplicación.
3. O disposto nos apartados anteriores entenderase sen prexuízo do disposto nos réximes especiais vixentes nos espazos naturais protexidos ou áreas protexidas por instrumentos internacionais recollidos na normativa ambiental de Galicia, cando os Plans de Ordenación de Recursos Naturais e Plans Reitores do Uso e Xestión dos mesmos, así como o resto da normativa aplicable, prevexan a posibilidade de acampada ou pernocta dentro dos ditos espazos.
4. As prescricións da presente Ordenanza Municipal son de aplicación en todo o territorio que comprende o termo municipal de Carnota, salvo as relativas ao tráfico e circulación de vehículos, que só serán de aplicación ás vías urbanas e ás vías interurbanas ou travesías que fosen declaradas urbanas.
5. As prescricións desta Ordenanza non interfiren nas actividades reguladas no Decreto 159/2019, de 21 de novembro, polo que se establece a ordenación dos campamentos turísticos, que segundo o seu artigo 1.4 queda prohibida a acampada turística fóra dos campamentos de turismo autorizados pola Administración turística de Galicia. A estes efectos, a acampada turística é toda aquela que proporciona aloxamento de forma temporal as persoas.

Artigo 2.- Definicións

Aos efectos de aplicación da presente Ordenanza Municipal, teranse en conta as seguintes definicións:

- Autocaravana: Vehículo especial dedicado ao transporte de persoas e no que a partir dun chasis e motor se lle aplicou unha cédula habitable e foi homologada para ser utilizada como

vivenda, contendo o seguinte equipamento mínimo: asentos e mesa,

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

camas, liteiras convertibles en asentos, cociña e armarios.

• Vehículo tipo furgonetas campistas: Vehículos derivados dunha furgoneta para uso campista, acondicionado para, como mínimo, pernoctar no seu interior.

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible

CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

• Caravana: Remolque ou semirremolque concibido e acondicionado para ser utilizado como vivenda móbil, permitindose o uso do seu habitáculo cando o vehículo se encontre estacionado.
• Autocaravanista / persoas usuarias: aquelas persoas legalmente habilitadas para conducir e utilizar os ditos vehículos, así como toda persoa usuaria dos mesmos aínda cando non estean
habilitadas para conducilos.
• Estacionamento: inmobilización da autocaravana na vía pública, de acordo coas normas de tráfico e circulación en vigor, independentemente da permanencia ou non de persoas no seu interior, tanto en horario diúrno como nocturno, e sempre que non supere ou amplíe o seu
perímetro en marcha mediante a transformación ou despregue de elementos propios, e que non ocupe a vía con útiles ou artigos domésticos como cadeiras, mesas e semellantes, se sustente sobre as súas propias rodas ou calzos, non teña baixadas as patas estabilizadoras nin calquera outro dispositivo e non verta fluídos ou residuos á vía.
• Zona de estacionamento reservado: espazos que só dispoñen de prazas de aparcamentos
para o estacionamento ou parada exclusivos das autocaravanas, vehículos tipo
furgonetascampistas e caravanas, independentemente da permanencia ou non de persoas no seu interior, tanto en horario diúrno como nocturno, podéndose abrir as ventás coa única finalidade de ventilación nas condicións revisadas no artigo. No seu caso, poderán dispoñer de servizos básicos para o baleirado de fluídos, tomas de auga potable, recarga de baterías, limpeza do vehículo e semellantes. Poderán ser de titularidade pública ou privada e poderán estar localizadas tanto dentro como fóra do solo urbano.
• Punto de reciclaxe: espazo habilitado exclusivamente para a reciclaxe de residuos xerados por este tipo de vehículos, tales como baleirado de augas grises (xabonosas) e negras (váter),
residuos sólidos e enchido de depósitos de augas limpas.

Artigo 3. Localización e instalación de zonas de estacionamento reservado e puntos de reciclaxe.

1. A instalación de zonas de estacionamento reservado e puntos de reciclaxe no municipio, sexan de titularidade pública ou privada, deberán cumprir os requisitos mínimos establecidos na presente Ordenanza Municipal, sen prexuízo do obrigado cumprimento da lexislación urbanística e medioambiental.
2. A localización das zonas de estacionamento reservado e puntos de reciclaxe deberá evitar o entorpecemento do tráfico, facendo compatible a equitativa distribución dos aparcamentos entre todas as persoas usuarias coa necesaria fluidez do tráfico rodado.
3. Establécense as seguintes limitacións nestas zonas reservadas de estacionamento:

A) Queda expresamente prohibido sacar toldos, patas estabilizadoras ou niveladoras, mesas, cadeiras ou calquera outro mobiliario doméstico ao exterior, así como despregar calquera outro elemento que amplíe o perímetro do vehículo en marcha.
B) Queda expresamente prohibido sacar tendedeiras de roupa ao exterior da autocaravana, vehículo campistas ou caravana.
C) Queda expresamente prohibido verter líquidos ou lixo de calquera clase e/ou natureza salvo que a zona conte coa infraestrutura necesaria.

4. Sen prexuízo do cumprimento por estas actividades da lexislación xeral e sectorial aplicable para a súa autorización e funcionamento, en todo caso deberán analizarse os posibles impactos ambientais sobre as persoas, a paisaxe, monumentos naturais e históricos, recursos naturais e demais elementos do medio dignos de conservar e protexer, co fin de decidir as mellores alternativas para a localización da actividade e adoptar as medias necesarias para minimizar ditos impactos ambientais.
5. O Concello poderá promover a instalación destes espazos no municipio,

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

que poderán ser de titularidade pública ou privada. En todo caso, serán de uso público.

Artigo 4. Réxime de parada e estacionamento temporal nas zonas urbanas do municipio.

1. Recoñécese o dereito a estacionar en todo o municipio de acordo coas normas de tráfico e circulación en vigor, sen prexuízo do cumprimento do previsto na presente Ordenanza

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Municipal para as vías urbanas e do especial réxime xurídico establecido para os espazos naturais protexidos, áreas protexidas por instrumentos internacionais, os terreos forestais, os terreos clasificados como solo rústico de especial protección polo planeamento urbanístico, as zonas de dominio público e en xeral, calquera outro espazo especialmente protexido pola lexislación sectorial que se localicen dentro do municipio.

2. Non obstante o previsto no apartado anterior, o Concello poderá dispor de zonas de estacionamento exclusivas para autocaravanas, vehículos campistas ou caravanas, que só poderán ser ocupadas por vehículos destas características e dedicados ao turismo itinerante.

3. Sen prexuízo do cumprimento do establecido na lexislación estatal sobre tráfico e circulación de vehículos, os condutores de autocaravanas, vehículos campistas e caravanas poderán efectuar as manobras de parada e estacionamento nas vías urbanas nas mesmas condicións e coas mesmas limitacións que calquera outro vehículo, sempre que non obstaculicen a circulación nin constitúan un risco para o resto das persoas usuarias da vía, coidando especialmente a colocación dos vehículos e evitando que poidan poñerse en movemento en ausencia do condutor.

4. O período máximo de estancia é de 48 horas, agás que sexa residente.

5. A efectos simplemente indicativos e con carácter xeral, considerarase que unha autocaravana, unha caravana e un vehículo campista está aparcada ou estacionada cando:

a) Só está en contacto co solo a través das rodas e non estean baixadas as patas estabilizadoras nin calquera outro dispositivo manual ou mecánico.

b) Non ocupa máis espazo que o do vehículo en marcha, é dicir, non hai ventás abertas proxectables que poidan invadir un espazo maior que o perímetro do vehículo en marcha, nin despregue de cadeiras, mesas, toldos estendidos ou outros artigos domésticos ou útiles.

c) Non se produce ningunha emisión de calquera tipo de fluído contaminante ou non, a salvo as propias da combustión do motor a través do tubo de escape ou do sistema de quecemento do vehículo.

d) Non emite ruídos molestos para a veciñanza ou as persoas usuarias das zonas de estacionamento.

En ningún caso está permitido o estacionamento de caravanas sen estar unidas á súa cabeza tractor.

6. O estacionamento das autocaravanas, vehículos campistas e caravanas réxese polas seguintes normas:

a) Os vehículos poderán estacionar en batería e en semibatería, oblicuamente, todos coa mesma orientación e na mesma dirección para facilitar a evacuación en caso de emerxencia.

b) O estacionamento efectuarase de forma tal que permita a execución das manobras de entrada e saída e permita a mellor utilización do espazo restante para outros usuarios.

c) O condutor inmobilizará o vehículo de xeito que non poida desprazarse espontaneamente nin ser movido por terceiros e responderá pola infraccións cometidas como consecuencia da retirada do vehículo causada por unha inmobilización incorrecta.

d) Se o estacionamento se realiza nun lugar cunha pendente sensible, o seu condutor deberá ademais, deixalo debidamente calzado, ben sexa por medio da colocación de calzos, sen que poidan empregar a tales fins elementos como pedras ou outros materiais non destinados de modo expreso a dita función, ou ben por apoio dunha das rodas no bordo da beirarrúa inclinando aquelas cara o centro da calzada nas pendentes ascendentes, e cara fóra, nas pendentes descendentes. Os calzos, unha vez utilizados, deberán ser retirados das vías ao retomar a marcha.

7. Cando un vehículo estea estacionado nunha zona de estacionamento de titularidade municipal con horario limitado, sen ter xustificante que

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

autoriza o estacionamento, ou cando supere o tempo indicado e aboado si procedera, poderá ser retirado e trasladado ao galpón municipal, inmobilizado mecanicamente ou denunciado polos axentes da Policía Local. Os

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible

CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

gastos ocasionados do traslado e permanencia no galpón municipal deberán ser aboados polo titular do vehículo, persoa usuaria ou persoa legalmente autorizada polo titular.

8. O réxime de parada e estacionamento temporal no municipio é aplicable ás zonas sinalizadas ao efecto para o estacionamento reservado nas zonas urbanas, que poderán ser utilizadas de forma universal por todas aquelas persoas usuarias que circulen polo termo municipal, ao efecto da súa visita turística ou tránsito ocasional, non podendo exceder, en zoas reservadas, o máximo permitido de ata 8 horas continuas durante unha mesma semana, de tal forma que se garante a debida rotación e distribución equitativa dos aparcadoiros para estes vehículos.

9. Apróbase un prezo público para a parada e o estacionamento diario temporal, que será de 6 euros, sen prexuízo de que dito prezo público poida ser actualizado ou modificado nas Ordenanzas Fiscais Municipais.

Artigo 5. Réxime de parada e estacionamento nas áreas con aparcamentos reservados e puntos de reciclaxe fóra do solo urbano.

1. Neste artigo regúlase o estacionamento e parada en zonas públicas municipais, fóra das zonas do artigo 4.

2. Dispóñense como áreas de estacionamento, nas que se reservaran prazas para autocaravanas, vehículos campistas e caravanas en:

- Gulpilleira 1, zona sinalada no plano 1 do anexo de planos, nela reservaranse prazas para o estacionamento deste tipo de vehículos.
- Gulpilleira 2, zona sinalada no plano 2 do anexo de planos, nela reservaranse prazas para o estacionamento deste tipo de vehículos.
- Carrofeito, parcela sinalada polo plano 3 do anexo de planos, nela reservaranse prazas para o estacionamento deste tipo de vehículos.

3. Os puntos de reciclaxe, tanto sexan de titularidade pública como privada, terán que contar coa seguinte infraestrutura mínima:

- Acometida de auga potable mediante imbornal.
- Grella á rede de sumidoiros para desaugue e evacuación de augas procedentes do lavado doméstico, tales como baño ou cociña (Augas grises).
- Grella á rede de sumidoiros para desaugue de WC (Augas negras).
- Recipiente de lixo para recollida diaria de residuos domésticos.

4. As zonas de estacionamento reservado a autocaravanas, vehículos campistas e caravanas, no seu caso, e os puntos de reciclaxe estarán debidamente sinalizados na entrada, polo menos cos servizos dispoñibles, sen prexuízo dos elementos móbiles dos que poidan dispoñer para impedir ou controlar o acceso de vehículos e da información que debe anunciarse por esixencia da lexislación, tales como horarios e prezos, no seu caso.

5. Dentro das zonas de estacionamento reservado a autocaravanas, vehículos campistas e caravanas e puntos de reciclaxe, a velocidade dos vehículos de todas as categorías non pode superar os 10 km/h, sen prexuízo doutras regulacións de velocidade específicas en razón da propia configuración e as circunstancias que serán expresamente sinalizadas. En todo caso, os vehículos non poderán producir ruídos ocasionados por aceleracións bruscas, tubos de escape alterados ou outras circunstancias anómalas e non poderán superar os límites de ruído e emisión de gases determinados, no seu caso, polas Ordenanzas Municipais ou calquera outra normativa aplicable.

6. Para garantir un óptimo uso e aproveitamento público das instalacións de titularidade municipal, todas as persoas usuarias das zonas de estacionamento reservado e puntos de reciclaxe teñen a obriga de comunicar ao Concello calquera incidencia técnica, avaría, falla, carencia ou uso indebido que se produza nos mesmos.

7. Co fin de evitar molestias por ruído á veciñanza e usuarios contiguos establécese un horario nas zonas de estacionamento reservado e puntos de reciclaxe para entrada e saída de vehículos e uso dos servizos dende

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

as 8:00 horas ata as 23:00 horas.

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible

CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

8.Apróbase un prezo público pola entrada e uso polas autocaravanas, vehículos campistas e caravanas dos servizos dispoñibles nas zonas de estacionamento reservado, no seu caso, e puntos de reciclaxe de titularidade municipal, que será de 6 euros/día, sen prexuízo de que dito prezo público poida ser actualizado ou modificado nas Ordenanzas Fiscais Municipais.

9. Nos puntos de reciclaxe de titularidade municipal poderase estacionar polo tempo indispensable para realizar as tarefas correspondentes aos servizos que presta, tales como evacuación, abastecemento e outros, estando prohibido expresamente permanecer máis tempo do necesario no mesmo ou facer usos distintos dos autorizados. Disponse como espazo para área de estacionamento reservado con punto de reciclaxe para autocaravanas, vehículos campistas e caravanas:

- Área do campo de fútbol de Lombáns, sinalada no plano 4 do anexo.

10. Nas zonas de aparcamento reservadas (non urbanas) só se poderá permanecer un máximo de 48 horas/mes en cada área.

Artigo 6. Deberes das persoas usuarias.

Xunto co cumprimento do establecido na presente Ordenanza, establécense os seguintes deberes das persoas usuarias:

1. Conducir con respecto ás normas de tráfico e seguridade viaria, facilitando no posible o adiantamento e as manobras do resto dos condutores.
2. Absterse de producir ou emitir ruídos molestos de calquera tipo, en especial os procedentes dos aparellos de son, radio, televisión, dos xeradores de correntes ou de animais domésticos, cando estean estacionados na vía pública urbana ou nas zonas adecuadas para elo, segundo o especificado no Artigo 4.5.d) da presente Ordenanza.
3. Usar os recipientes propios para a recollida de residuos sólidos urbanos e os equipamentos necesarios para la recollida de augas residuais.
4. Ocupar o espazo físico para o estacionamento, dentro dos límites estritamente necesarios.
5. Estacionar asegurándose de non causar dificultades funcionais, e sen poñer en risco a seguridade do tráfico motorizado ou dos peóns nin dificultando a vista de monumentos ou o acceso a edificios públicos ou privados e establecementos comerciais.

TÍTULO II. RÉXIMEN SANCIONADOR

Artigo 7. Disposicións xerais

1. A competencia para sancionar as infraccións ás disposicións en materia de circulación polas vías urbanas e demais reguladas na presente Ordenanza corresponde ao Alcalde en aqueles supostos previstos na mesma ou na lexislación sectorial.
2. Os tipos de infraccións e sancións son os que establece a lexislación sectorial, os que se concretan nesta Ordenanza no marco das Leis e os propios desta Ordenanza.
3. Ademais da imposición da sanción que corresponda, o Concello poderá adoptar as medidas axeitadas para a restauración da realidade física alterada do orde xurídico infrinxido coa execución subsidiaria a cargo do infractor e a imposta dos prezos públicos correspondentes.
4. A responsabilidade polas infraccións ao disposto nesta Ordenanza recaerá na persoa autora dos feitos. No seu caso, quen sexa titular ou arrendatario do vehículo co que se cometera a infracción, debidamente requirido para elo, ten o deber de identificar con veracidade á persoa responsable da infracción.

Artigo 8. Infraccións

As infraccións propias desta Ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.

1. Constitúen infraccións leves:

a) O incumprimento da obriga de manter visible no parabrisas o xustificante correspondente á reserva en zonas de estacionamento

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

establecida ao efecto.

b) O acceso rodado ás fincas por riba da beirarrúa sen ter licenza.

c) A colocación de elementos fóra do perímetro da autocaravana, nas zonas non autorizadas.

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible

CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

d) A colocación en sentido diferente ao indicado ou fóra das zonas delimitadas para cada vehículo.

e) O estacionamento fóra das formas permitidas en espazos públicos non autorizados.

2. Constitúen infraccións graves:

a) A emisión de ruídos ao exterior procedentes de equipos de son, excedendo dos límites permitidos pola lexislación específica.

b) O vertido ocasional de líquidos ou residuos sólidos urbanos fóra da zona sinalada para elo.

c) O uso fraudulento dos servizos prestados na área habilitada para estacionamento de autocaravanas.

d) A ausencia de acreditación do pago do prezo público establecido para o estacionamento ou uso dos servizos.

3. Constitúen infraccións moi graves:

a) O vertido intencionado de líquidos ou residuos sólidos urbanos fóra dos lugares indicados para elo.

b) O deterioro do mobiliario urbano.

c) A instalación ou funcionamento de zonas de estacionamento ou puntos de reciclaxe sen a oportuna licenza ou declaración responsable, no seu caso, ou sen os requisitos establecidos na presente Ordenanza Municipal.

d) O estacionamento en zonas de especial protección medioambiental. Artigo 9. Sancións:

1. As sancións das infraccións tipificadas neste artigo son as seguintes:

a) As infraccións leves sancionaranse con multas de ata 50 euros.

b) As infraccións graves sancionaranse con multas de ata 200 euros e/ou expulsión da zona de estacionamento reservado, no seu caso.

c) As infraccións moi graves sancionaranse con multas de ata 500 euros e/ou expulsión da zona de estacionamento reservado, no seu caso.

2. As sancións serán graduadas en atención aos seguintes criterios:

a) Existencia de intencionalidade ou reiteración.

b) Natureza dos prexuízos causados.

c) Reincidencia, por cometer máis dunha infracción da mesma natureza.

d) Obstrución do tráfico ou circulación de vehículos e persoas. Artigo 10. Medidas cautelares.

Procederase a inmobilización ou retirada do vehículo da vía pública co que se cometera a infracción nos supostos contemplados na vixente Ordenanza Municipal e nos que regula o Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo uqe se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria.

Disposición final única. Entrada en vigor

A presente Ordenanza Municipal entrará en vigor ao día seguinte da publicación no Boletin Oficial da Provincia do texto definitivo aprobado polo Pleno Municipal.

Anexo I. Planos

Plano 1. Área con estacionamento con reserva Gulpilleira I Plano 2. Área con estacionamento con reserva Gulpilleira II

Plano 3. Área con estacionamento con reserva Carrofeito

Plano 4. Área con punto de reciclaxe do Campo de fútbol de Lombáns Plano 5. Área con prohibición de aparcar na praia de Maceiras

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN
Y MEDIO AMBIENTE

FONDO ESPAÑOL DE
GARANTÍA AGRARIA

SISTEMA DE IDENTIFICACION DE PARCELAS AGRICOLAS

ORTOFOTO Y PARCELARIO SUPERPUESTO

PLANO I:

DATUM	WGS84	HUSO	29	ESCALA	1 : 3000	FECHA DE IMPRESION	04/06/2020

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: gqZymxd0+D6IO3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN
Y MEDIO AMBIENTE

FONDO ESPAÑOL DE
GARANTÍA AGRARIA

SISTEMA DE IDENTIFICACION DE PARCELAS AGRICOLAS

ORTOFOTO Y PARCELARIO SUPERPUESTO

PLANO II:

DATUM	WGS84	HUSO	29	ESCALA	1 : 3000	FECHA DE IMPRESION	04/06/2020

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: gqZymxd0+D6IO3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN
Y MEDIO AMBIENTE

FONDO ESPAÑOL DE
GARANTÍA AGRARIA

SISTEMA DE IDENTIFICACION DE PARCELAS AGRICOLAS

ORTOFOTO Y PARCELARIO SUPERPUESTO

PLANO III:

DATUM	WGS84	HUSO	29	ESCALA	1 : 3000	FECHA DE IMPRESION	04/06/2020



FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: gqZymxd0+D6IO3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN
Y MEDIO AMBIENTE

FONDO ESPAÑOL DE
GARANTÍA AGRARIA

SISTEMA DE IDENTIFICACION DE PARCELAS AGRICOLAS

ORTOFOTO Y PARCELARIO SUPERPUESTO

PLANO IV:

DATUM	WGS84	HUSO	29	ESCALA	1 : 3000	FECHA DE IMPRESION	04/06/2020

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: gqZymxd0+D6IO3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN
Y MEDIO AMBIENTE

FONDO ESPAÑOL DE
GARANTÍA AGRARIA

SISTEMA DE IDENTIFICACION DE PARCELAS AGRICOLAS

ORTOFOTO Y PARCELARIO SUPERPUESTO

DATUM	WGS84	HUSO	29	ESCALA	1 : 5500	FECHA DE IMPRESION	04/06/2020

PLANO: ESTACIONAMENTO PRAIA DE MACEIRAS

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ONCELLO DE CARNOTA

aza San Gregorio, 19
5293 CARNOTA (A
Coruña)
.I.F.: P-
1502000-A elf.:

Na quenda de intervencións o alcalde explica que se trata dunha ordenanza moi demandada pola propia veciñanza e por traballadores do propio Concello, como a Policía Local, para poder actuar con claridade ante o xurdimento de calquera polémica, xa que o regulamento nacional xera moitas suspicacias.

Así mesmo, aclara que Dolores Maceiras está actuando como secretaria accidental e, no caso de xurdiren preguntas de tipo xurídico, sería conveniente a súa resposta polo secretario municipal. En todo caso, trasládalle que se hai algo que engadir, substituír ou mellorar tomarían nota e levaríase ao seguinte Pleno.

O concellerio do PP, Elisardo García, explica que esta ordenanza é positiva, pola seguridade xurídica que ofrece, segundo se expresa na exposición de motivos, posto que as persoas teñen que ter garantias. Indica que, conforme á lei, a limitación que se impón de 48 horas no solo urbano (o alcalde rectifícao e puntualiza que 24 horas) lle parece que vai ser alegado polas persoas afectadas, xa que supón a limitación da liberdade de movementos das persoas, dereito fundamental establecido na Constitución. Prosegue a súa intervención sinalando que tamén se regula o prezo público pola prestación do servizo, algo que considera necesario, aínda que 6
€/día lle parece unha cantidade irrisoria. Por iso, valora que na ordenanza fiscal se incremente esta cantidade. Explica que tampouco se fai diferenza entre solo urbano e solo rústico e que se establecen puntos de reciclaxe, zonas onde se pode pernoctar e acampar. Considera positiva a creación da ordenanza e expón que non se pode manter no tempo unha situación fáctica e de feito prolongada. Considera que é garantia para todo o mundo (axentes de seguridade; persoas afectadas, que poden reclamar dereitos, obrigas ou o que crean conveniente para a súa defensa). Argumenta favorablemente sobre a prohibición de aparcar e pernoctar en certas zonas, como na praia de Maceiras. Parécelle correcta esa regulación, sempre salvando os obstáculos que se poidan producir na ordenanza dende o punto de vista xurídico, no aspecto de limitar a liberdade de movementos a un determinado tempo, podendo afectar a un dereito fundamental das persoas. Pensa que nese sentido poden presentarse alegacións.

Á presidencia parécelle correcto o criterio do concelleiro e amplía a información incidindo en que un dos problemas que ten este tipo de ordenanzas é regular cando non se ten competencias no sitio, zonas afectadas pola Rede Natura, competencia do Servizo de Conservación da Natureza.

O concelleiro do PP, Elisardo García, explica que o establecemento nunha ordenanza de infraccións e sancións pode ir contra a lei.

A presidencia aclara que se se senta xurisprudencia ante alegacións de persoas por este motivo, podería implicar o peche da zona para dar ese servizo.

Tanto o mencionado concelleiro como o presidente consideran necesaria

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ONCELLO DE CARNOTA

aza San Gregorio, 19
5293 CARNOTA (A
Coruña)
.I.F.: P-
1502000-A elf.:

a regulación. O alcalde explica que en calquera día de agosto poden haber entre 80 e 100 caravanas só na Boca do Río. Afirma que non o sinala por mal, senón para argumentar a necesidade de regular esta

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible

CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ONCELLO DE CARNOTA

·aza San Gregorio, 19
5293 CARNOTA (A
Coruña)
.I.F.: P-
1502000-A elf.:

cuestión. Aclara que os autocaravanistas soen ser respectuosos co entorno, sen embargo existen algúns incívicos, aínda que son minoría. Conta que este verán viu estacionado algún "Camper" na zona de Sofán, preto da praia de Maceiras. Sinala que este tipo de comportamentos non se poden permitir baixo ningún concepto.

A concelleira do BNG, Belén Campos, indica que o seu grupo está a favor da regulación das caravanas, pero explica que esta ordenanza está incompleta, e solicita retirala da orde do día, se os demais grupos están de acordo, por non contemplarse a zona dos Fiales en Caldebarcos ou o campo de fútbol de Lariño, polo que xa vai sufrir modificacións.

A presidencia solicita saber a que se refire con Caldebarcos.

A concelleira do BNG, Belén Campos, aclara que non están contemplados todos os sitios onde se acampa. Propón que a ordenanza contemple todos os lugares onde se acampa como o Campo de fútbol de Lariño, zonas no Pindo, os Fiales en Caldebarcos. Aclara que a ordenanza contempla once espazos, que non son todos onde se sitúan as caravanas.

A presidencia sinala que o goberno pretende preservar o que máis poida e dar os servizos que máis poidan tamén. Considera que xa son abondosos os puntos contemplados na ordenanza e manifesta que non poden ter o privilexio de acceder a todos os puntos da costa do Concello.

A concelleira do BNG, Belén Campos, solicita saber por que non se incorporou o campo de fútbol de Lariño.

A presidencia acláralle que se faría o modificado da ordenanza cando estivese a obra executada. Insiste en que o equipo do goberno non é da idea de que todos os puntos da costa sexan de acceso para as caravanas.

O concelleiro do BNG, Manuel Souto, explica que a ordenanza acouta tres zonas (Gulpilleira 1, Gulpilleira 2 e Carrofeito). Entende que a zona demarcada no plano en Carrofeito non é terreo municipal.

A presidencia sinala que é mancomún e aluguer.

O concelleiro do BNG, Manuel Souto, mostra dúbidas sobre se se pode facer unha ordenanza sobre uns terreos que non son municipais.

O concelleiro do PP, Agustin González, manifesta que se existe un contrato de aluguer pódese facer.

O concelleiro do BNG, Manuel Souto, replica que non o hai.

A presidencia afirma que conta co visto bo da Comunidade de Montes de Pedrafigueira para usar ese espazo e que tamén hai un aluguer.

O concelleiro do BNG, Manuel Souto, quere saber por que non se contempla o aparcadoiro de

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

caravanas de Lariño, aínda que a obra non estea executada, pero si todo avanzado para que se leve a cabo, posto que a ordenanza é a futuro, para non ter que facer unha modificación posteriormente.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, bota en falta a existencia dun estudo económico por haber taxas e unha serie de gastos (obras...). Considera conveniente realizar un estudo económico. Así mesmo, solicita que, cando estivese o traballo feito, se convocara un pleno extraordinario inmediato para aprobar a ordenanza este ano e entrara en vigor no 2022. Pensa que as ordenanzas se se aproban no medio do ano, non entran en vigor ata o ano seguinte. Así mesmo, comparte coa presidencia a idea de non situar caravanas en todas as partes e a necesidade de regular isto de forma urxente. Así mesmo, solicita buscarlle unha solución na zona de Ximprón, Ardeleiro e piscifactoría de Lira onde se instalan numerosas caravanas.

O presidente afirma que cando a ordenanza entre en vigor, as caravanas xa non se situarían nesas zonas.

O concelleiro do BNG, Manuel Souto, opina que a zona da praia de Maceiras non se debe regular, porque é competencia de Costas, e no plano figura unha prohibición expresa.

O presidente apunta que aparece en vermello para que non se poida aparcar.

O concelleiro do BNG, Manuel Souto, insiste en que é terreo da Demarcación de Costas, que non depende do Concello...

O presidente apunta que pasa o mesmo con Rede Natura.

O concelleiro do BNG, Manuel Souto, explica que é distinto. Aclara que a Rede Natura é un espazo de protección, onde incluso se pode cobrar... Insiste en que zonas da Demarcación de Costas deben excluírse de ser reguladas na ordenanza.

Sometida a votación, por unanimidade, os membros da Corporación acordan retirar o punto da orde o día.

3. Aprobación inicial da Ordenanza municipal reguladora da protección de camiños e vías de titularidade municipal, con motivo da realización de talas, depósito, carga e transporte de madeira ou asimilables no termo municipal de Carnota.

Pola presidencia infórmase da seguinte proposta:

Expediente núm.: 2021/G013/000001
Procedemento: Aprobación de Ordenanza Municipal Reguladora da protección de camiños e vías de titularidade municipal, con motivo da realización de talas, depósito, carga e transporte de madeira ou asimilables no termo municipal de Carnota,

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ONCELLO DE CARNOTA

·aza San Gregorio, 19
5293 CARNOTA (A Coruña)
.I.F.: P-1502000-A elf.:

En relación co expediente relativo á aprobación da Ordenanza Municipal Reguladora da protección de camiños e vías de titularidade municipal, con motivo da realización de talas, depósito, carga e transporte de madeira ou asimilables no termo municipal de Carnota, propoño con base nos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

Á vista dos seguintes antecedentes:

Documento	**Data/Núm.**	**Observacións**
Providencia de inicio	30/04/2021	Alcaldía
Informe de Secretaría	14/05/2021	Procedemento
Anuncio no Portal Web do Concello da Consulta Pública	18/05/2021	Alcaldía
Anuncio en portal web	21/05/2021	Alcaldía
Informe de rexistro e Certificado de Secretaría das Opinións Presentadas	15/09/2021 16/09/2021	Rexistro e secretaria
Informe proposta secretaría	19/11/2021	Secretaría
Proxecto de Ordenanza	18/11/2021	Servizos técnicos municipais

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable é a seguinte:

—Os artigos 4, 22.2.d), 25, 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Os artigos 128 ao 131 e 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
—O artigo 56 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.
—O artigo 26 da Lei 50/1997, de 27 de novembro, do Goberno *[en todo aquilo que sexa adaptable á Administración Local].*
—O artigo 7.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Pleno de conformidade cos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ONCELLO DE CARNOTA

aza San Gregorio, 19
5293 CARNOTA (A
Coruña)
.I.F.: P-
1502000-A elf.:

Local.

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible

CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ONCELLO DE CARNOTA

·aza San Gregorio, 19
5293 CARNOTA (A
Coruña)
.I.F.: P-
1502000-A elf.:

Polo exposto, PROPOÑO ao Pleno da Corporación o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora da protección de camiños e vías de titularidade municipal, con motivo da realización de talas, depósito, carga e transporte de madeira ou asimilables no termo municipal de Carnota, nos termos que figura no proxecto de ordenanza aportado ó expediente polos servizos o 18/11/2021 e se xunta ao presente.

SEGUNDO. Someter dita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletin Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de 30 días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza municipal no portal web do Concello co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

TERCEIRO. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno. O acordo de aprobación definitiva tácita da Ordenanza, co texto íntegro da mesma, publicarase para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no *Boletin Oficial da Provincia.*

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

Ademais, remitirase á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días, a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial, así como copia íntegra autenticada.

CUARTO. Solicitar directamente a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen ás persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos vérense afectados pola norma e cuxos fins garden relación directa co seu obxecto.

QUINTO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

PROXECTO DE ORDENANZA APORTADO AO EXPEDIENTE

ADMINISTRACIÓN

LOCAL

MUNICIPAL

CARNOTA

Servizos técnicos

PROPOSTA de Ordenanza reguladora da protección de camiños e vías de titularidade municipal, con motivo da realización de talas, depósito, carga e transporte de madeira ou asimilables no termo municipal de Carnota

ANUNCIO

O Concello de Carnota publica, en cumprimento do disposto no artigo 133

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ONCELLO DE CARNOTA

aza San Gregorio, 19
5293 CARNOTA (A
Coruña)
.I.F.: P-
1502000-A elf.:

da LPACAP, o texto íntegro da proposta de ORDENANZA REGULADORA DA PROTECCIÓN DE CAMIÑOS E VÍAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, CON MOTIVO DA EXECUCIÓN DE TALAS, DEPÓSITO, CARGA E

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible

CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ONCELLO DE CARNOTA

·aza San Gregorio, 19
5293 CARNOTA (A
Coruña)
.I.F.: P-
1502000-A elf.:

TRANSPORTE DE MADEIRA NO TERMO MUNICIPAL DE CARNOTA, para consulta pública previa sobre a necesidade ou conveniencia de aprobación dita regulación.

Exposición de motivos.

A presente ordenanza ten como finalidade primordial velar pola debida conservación dos camiños e vías públicas municipais, principalmente fronte aos danos que poden sufrir os mesmos como consecuencia dos traballos de saca e tala de madeira, e o transporte da mesma por vías municipais, pero tamén fronte a calquera outro uso que poida causar un prexuízo e impedir ou dificultar o uso e desfrute das vías públicas polos demais usuarios.

A utilización cada vez mais habitual dos camiños rurais por vehículos de gran tonelaxe, principalmente para as sacas de madeira, esixe dunha regulación que permita ao Concello coñecer a realización desta actividade con antelación, ao obxecto do establecemento das medidas que permitan garantir a reparación destes camiños despois da súa utilización.

O mantemento en condicións óptimas dos camiños resulta prioritario para a protección das persoas e edificacións fronte aos incendios forestais, xa que cando os mesmos se producen, é esencial que as vías de acceso as zonas forestais se atopen en perfecto estado.

O uso dos camiños e vías públicas municipais en condicións óptimas é un dereito de toda a comunidade de usuarios, e esixe dunha intervención administrativa que regule as condicións nas que se deben de realizar as operacións de saca de madeira nos montes e parcelas do Concello, tanto públicos como privados, e a realización de calquera outro uso susceptible de danar os camiños e vías municipais. Trátase, en definitiva, con esta ordenanza, de facer compatible a actividade de aproveitamento forestal coa preservación do medio natural, a protección paisaxística, a conservación dos camiños e a seguridade vial.

Normativa aplicable

A habilitación desta ordenanza, emana da potestade regulamentaria das entidades locais recoñecida no art. 4.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, con respecto ás competencias en materia de conservación de camiños e vías rurais (art. 25.2.d), previndo o correspondente réxime sancionador polo incumprimento das súas determinacións e no suposto de ocasionar danos e danos nas infraestruturas, instalacións e espazos públicos, derivados da actividade madeireiro (art. 139 a 141); os artigos 6, 80.2.d) e 286 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; e os artigos 74 de seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das corporacións locais.

Respecto da Lei 3/2007, do 9 de decembro de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia, en virtude da súa aplicación, ao atoparnos dentro dun termo municipal cun gran número de superficies de terreos afectadas, nas que cómpre unha xestión da biomasa vexetal e a adaptación de parte do seu arborado a unhas distancias de

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ONCELLO DE CARNOTA

aza San Gregorio, 19
5293 CARNOTA (A
Coruña)
.I.F.: P-
1502000-A elf.:

protección cara as vivendas, instalacións, edificacións e construcións, máis próximas, provocan severas actuacións sobre estes terreos e as súas plantacións, sobre todo en solos rústicos de

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible

CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

protección paisaxística e forestal, incrementado ao mesmo tempo o uso dos vías e camiños forestais que transcorren ata os montes.

Respecto da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, esta ordenanza pretende completar a súa regulación, ampliando a protección máis aló das pistas forestais, a aqueles camiños e vías de titularidade municipal que non teñen a condición de pista forestal tal como esta é definida polo artigo 98 da citada Lei de montes de Galicia.

Artigo 1.º.-Obxecto.

O obxecto desta ordenanza é a conservación dos camiños e vías de titularidade municipal, con motivo da execución de talas e cortas de madeira ou outros usos susceptibles de danar as vías e camiños municipais de Carnota, así como a protección dos vías de acceso e demais infraestruturas anexas aos lugares onde se desenrolen as actividades e o estado final da superficie usada.

Tamén, a regulación dos lugares de depósito, almacenamento e carga, en relación co desenvolvemento das actividades, e os posibles danos producidos.

Artigo 2.º.-Ámbito de aplicación.

1.A presente ordenanza é de aplicación ás operacións de saca e outras relacionadas co ámbito forestal e outros.

Entenderase por operacións de saca de madeira a totalidade das que se desenvolvan para obtención de madeira de tala, tanto as previas á corta da madeira (desprazamentos de vehículos e/ ou maquinaria, preparación dos terreos, accesos ás fincas) como as posteriores (preparación, depósito, carga e transporte).

2.Inclúense no ámbito de aplicación desta ordenanza outras operacións ou usos susceptibles de danar as vías e camiños municipais, valoradas polos servizos técnicos en base aos pertinentes informes policiais, tales como a circulación e transporte con vehículos agrícolas de grandes dimensións ou circulación de vehículos de recreo a motor como quads, motocicletas e outros similares, así como as actividades deportivas ou culturais que poidan xerar danos ou residuos.

3. Quedan excluídos do ámbito da presente ordenanza:

- As pistas forestais tal como son definidas polo artigo 98.1 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, isto é todos aqueles camiños de tránsito rodado de titularidade pública ou privadas, fora da rede de estradas, vinculado á xestión forestal e situado en solo rústico de protección forestal.

- As talas puntuais de exemplares de árbores illadas
- As podas en plantacións forestais
- O clareo de rebrotes de cepa de menos de tres anos
- Os traballos de roza e limpeza de predios

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- As talas que teñan por finalidade os aproveitamentos para uso domésticos, a eliminación dunha situación de perigo para as persoas ou bens, ou as que produzan como consecuencia de enfermidade da especie.

Artigo 3.º.-A comunicación de tala.

1. Aos sós e únicos efectos de garantir a preservación do medio ambiente e da conservación dos camiños e pistas municipais, é obrigatoria a comunicación de tala ou evento por parte da persoa física ou xurídica que actúe en calidade de madeireiro ou representante, consonte ao modelo normalizado desta ordenanza, cunha antelación mínima de quince días hábiles.

2. A comunicación realizada ao Concello de Carnota non eximirá da obriga de obter os restantes permisos e licenzas que resulten procedentes conforme á normativa sectorial.

3. Na comunicación de tala, deberá constar, segundo modelo anexo que se incorpora a esta ordenanza:

- Identificación do propietario das parcelas, en caso de ser varias identificar aos propietarios de todas elas.

- Identificación da empresa e persoa encargada da tala, deposito, carga e transporte da madeira ou responsable da actividade. En caso de ser varios identificarase a todos eles.

- Identificación dos vehículos a utilizar (marca, modelo, matrícula e bastidor), e documentación xustificativa.

- Especie da madeira obxecto de tala, así como toneladas estimadas a extraer.

- Identificación nun plano do catastro ou do SIXPAC do monte afectado e referencia catastral do mesmo, así como indicación do lugar de depósito e vías a utilizar para o transporte da madeira ou realización de actividades, debendo ter en conta a tal efecto o regulado para materiais inflamables.

- Xustificante da solicitude de permiso de tala achegado previamente ante a Consellería competente en materia forestal, segundo modelo oficial.

- Data prevista do inicio e remate dos traballos

- Póliza do seguro de responsabilidade civil en vigor na data da actividade, dos vehículos e da empresa ou empresario individual.

- Xustificante do depósito da garantia, en base o regulado na presente Ordenanza.

No suposto de tratarse dunha tala sen aproveitamento madeireiro, deberá comunicar a tala o titular do monte, indicando en calquera caso o seu motivo (obtención de leña para autoconsumo, enfermidade da especie, situación de perigo para as persoas e bens, etc.), e achegando igualmente a solicitude de autorización da tala presentado na Consellería competente.

4. Poderase facer unha comunicación de tala para varios montes ou parcelas

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ONCELLO DE CARNOTA

aza San Gregorio, 19
5293 CARNOTA (A
Coruña)
.I.F.: P-
1502000-A elf.:

catastrais, cando os traballos vaian a efectuarse de forma simultánea, debendo constar os datos de cada unha das parcelas nas que se vaia a realizar a tala. Será o madeireiro encargado da tala o

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible

CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

responsable dos danos ocasionados nos vías de acceso aos lugares de tala, como consecuencia tanto da mesma como do depósito, carga e transporte da madeira, quedando obrigado á reparación dos mesmos, incluíndo a limpeza e retirada dos restos forestais resultantes. No suposto de non ser identificado o madeireiro, será responsable o propietario/s do monte ou da parcela/s catastral.

Artigo 4.º.-Requisitos e obrigas para os madeireiros ou propietarios que realicen a tala e o depósito, carga e transporte da madeira tallada ou os responsables dos eventos.

1. Será o madeireiro encargado da tala o responsable dos danos ocasionados nos lugares de tala, vías de acceso, instalacións ou demais infraestruturas anexas, como consecuencia tanto da tala como do depósito, carga e transporte da madeira, quedando obrigado ao arranxo e reparación inmediata do deterioro producido nos mesmos, incluíndo a limpeza, retirada ou eliminación de residuos procedentes da tala e das operacións de carga e almacenamento. No suposto de non ser identificado o mesmo, quedará obrigado o propietario do monte ou parcela.

As cantidades depositadas en concepto de garantia responderán da dita obriga, sen prexuízo de que no suposto de non ser suficientes, a diferenza recadarase en concepto de ingreso de dereito público, coa correspondente vía de constrinximento de ser necesaria.

2. A superficie do monte debe quedar totalmente limpa, sen ningún tipo de restos das pólas das copas ou calquera outro material que constitúa focos de alta combustibilidade que poidan ser causa de incendio ou afectar ao futuro estado fito sanitario do rodal e das masas lindeiras.

3. Nos supostos previstos nos dous apartados anteriores, o madeireiro ou o propietario, deberán atender o requirimento de reparación ou limpeza que efectúe o concello, e no que se lles outorgará un prazo de quince días hábiles, para a realización dos traballos de reparación e limpeza que procedan.

4. Establécense tres categorías para os efectos da fixación da correspondente garantia, segundo o peso máximo autorizado do vehículo de maior peso que se vaia a utilizar na realización das operacións de depósito, carga e transporte da madeira tallada:

- Vehículos con peso máximo autorizado inferior a 16 Tn.: 1.800 €/comunicación tala
- Vehículos con peso máximo autorizado entre 16-24 Tn.: 3.600 €/comunicación tala.
- Vehículos con peso máximo autorizado superior a 24 Tn.: 5.000 €/comunicación tala.

5. As correspondentes garantias deberanse depositar na Tesourería Municipal mediante: fianza en metálico, aval solidario e por tempo indefinido, seguro de caución nos termos previstos para o depósito de aquelas pola normativa reguladora de contratos do sector público.

A devolución das ditas garantias, deberá ser solicitada polos depositarios, requirindo previamente á resolución, informe da Policía

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ONCELLO DE CARNOTA

aza San Gregorio, 19
5293 CARNOTA (A
Coruña)
.I.F.: P-
1502000-A elf.:

Local, no que se deixe constancia de que; non foron ocasionados danos nas vías, servizos e infraestruturas públicas municipais e; que se teñen xestionado os restos producidos pola actividade.

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible

CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ONCELLO DE CARNOTA

·aza San Gregorio, 19
5293 CARNOTA (A Coruña)
.I.F.: P-1502000-A elf.:

6. En ningún caso poderá iniciarse os traballos de tala, sen contar previamente coa autorización sectorial correspondente, tanto en materia forestal como as necesarias cando ás parcelas obxecto da actuación estean afectadas pola normativa sectorial de augas, patrimonio, estradas ou calquera outra que resulte de aplicación.

Artigo 5.º.-Potestades da Administración.

1. O concello poderá denegar ou limitar o acceso e / ou lugar de depósito por calquera das vías ou zonas indicadas no escrito de comunicación previa, de forma motivada en atención ao seu estado, resistencia do firme da vía, ou pola utilización dos ditas vías na data solicitada para outros fins. Dito extremo porase en coñecemento do solicitante, coa achega do correspondente informe técnico ou da policía municipal, no prazo máximo de quince días dende a comunicación de tala, debendo realizar posteriormente unha nova comunicación de tala en caso de ser denegado o dito acceso.

2. Unha vez que o Concello teña coñecemento da produción de danos ou da acumulación de residuos vexetais combustibles polo informe da Policía, o órgano municipal competente, poderá realizar con cargo á garantia depositada, as operacións de reparación, acondicionamento ou retirada de residuos. Isto sen prexuízo de realizar un requirimento previo con audiencia do interesado polo prazo de dez días hábiles, e de recadar as cotas correspondentes en concepto de ingreso público, se os custes da dita operación non fosen totalmente cubertos co importe da garantia depositada.

3. O anterior entenderase sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan polo incumprimento desta ordenanza.

Artigo 6.º.-Réxime sancionador.

1. Constitúen infraccións administrativas, as accións ou omisións que comporten un incumprimento das obrigas, prohibicións ou requisitos que establece esta ordenanza.

2. O incumprimento do disposto na presente ordenanza sancionarase segundo o disposto nos artigos que seguen, ao abeiro do titulo XI da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. O procedemento sancionador será o indicado na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

3. Serán os responsables das infraccións os causantes dos danos, os organizadores de eventos, os madeireiros, e os propietarios das parcelas cando non identifiquen o madeireiros encargado da tala.

Artigo 7.º.-Competencia.

A competencia para a iniciación e resolución dos expedientes por infracción desta ordenanza, corresponde ao Alcalde, ou concelleiro/a en quen delegue, debendo nomearse instrutor/a ou secretario/a do mesmo, para os efectos de garantir a debida separación entre a fase instrutora e a resolutoria.

Artigo 8.º.- Infraccións.

1. As infraccións administrativas desta ordenanza clasifícanse en leves,

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ONCELLO DE CARNOTA

aza San Gregorio, 19
5293 CARNOTA (A
Coruña)
.I.F.: P-
1502000-A elf.:

graves e moi graves.

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible

CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ONCELLO DE CARNOTA

·aza San Gregorio, 19
5293 CARNOTA (A
Coruña)
.I.F.: P-
1502000-A elf.:

2. As infraccións administrativas sancionaranse con multa nas seguintes contias:

Infracción leve: ata 750

€. Infracción grave: de 751

a 1500 €.

Infracción moi grave: de 1501 a 3000€

3. Constitúen infraccións moi graves:

- A realización de ditas actividades sen o previo depósito da garantia no importe que corresponda.

- Non proceder á reparación dos danos e/ou limpeza dos restos forestais dentro do prazo sinalado de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte da notificación do requirimento municipal.

4. Constitúen infraccións graves:

- Non achegar a documentación requirida antes de efectuar a tala da madeira.
- Non achegar ou falsear os datos que se esixen segundo o artigo 3.º desta ordenanza.

- A non comunicación da tala por parte do madeireiro no prazo sinalado..

- A reincidencia na comisión de tres infraccións leves da mesma natureza, no prazo dun ano.

- A realización dos traballos de tala sendo denegada previamente a utilización da vía pública para a realización dos mesmos.

- O incumprimento polo propietario do monte ou parcela da obriga de identificar ao madeireiro.

5. Constitúen infraccións leves:

- Calquera acción ou omisión que infrinxa as disposicións desta ordenanza e non estea tipificada expresamente nela como moi grave ou grave.

6. A imposición das sancións pecuniarias anteriormente sinaladas, non eximirá aos responsables dos feitos de repoñer a realidade física alterada, e de realizar os traballos de reparación e limpeza que a tal fin sexan sinalados na resolución que se dite.

7.Para a clasificación das infraccións e a determinación da contia da sanción, teranse en conta as seguintes circunstancias:

A existencia de intencionalidade ou

reiteración. A natureza dos danos

causados.

A reincidencia no prazo dun ano de mais dunha infracción da mesma natureza.

A transcendencia social da infracción.

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ONCELLO DE CARNOTA

aza San Gregorio, 19
5293 CARNOTA (A
Coruña)
.I.F.: P-
1502000-A elf.:

Artigo 9.º.-Prescrición das infraccións.

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible

CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ONCELLO DE CARNOTA

·aza San Gregorio, 19
5293 CARNOTA (A
Coruña)
.I.F.: P-
1502000-A elf.:

1.As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses, computándose dende o día en que a infracción fora cometida.

2.As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano, computándose dende o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que foi imposta a sanción.

Disposición final.

A presente ordenanza entrará en vigor a partir do día seguinte a súa publicación no Boletin Oficial da Provincia da Coruña, e transcorrido o prazo previsto no artigo 70.2 en relación co art. 65.2.º da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Carnota, data e sinatura

dixital. O alcalde

ANEXO I

Comunicación de tala e eventos usando as vías públicas municipais

DATOS IDENTIFICATIVOS DO RESPONSABLE

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL:		
DNI/NIF:	Enderezo :	
CP:	Concello:	Provincia:
Teléfono:	Teléfono móbil:	
Correo electrónico/e-mail:		
REPRESENTANTE / APODERADO (só persoas xurídicas)		
Nome:		DNI:

DATAS PREVISTAS

COMEZO:
REMATE:

DATOS IDENTIFICATIVOS DOS VEHÍCULOS E/OU MAQUINARIA

Vehículo/ maquinaria	Modelo	Matrícula	PMA

DATOS IDENTIFICATIVOS DAS PARCELAS AFECTADAS

REFERENCIA CATASTRAL	ESPECIE	TN A EXTRAER

DATOS DO PROPIETARIO DA PARCELA: Se hai mais cubrir ANEXO II

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL:

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ONCELLO DE CARNOTA

·aza San Gregorio, 19
5293 CARNOTA (A
Coruña)
.I.F.: P-
1502000-A elf.:

DNI/NIF:	Enderezo:	
CP:	Concello:	Provincia:
Teléfono:	Teléfono móbil:	
Correo electrónico/e-mail:		
REPRESENTANTE		
Nome:		DNI:

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

- ☐ Fotocopia do NIF/NIE do/a solicitante e, no seu caso, do/a representante.
- ☐ Solicitude de autorización para aproveitamento madeireiro achegada á Consellería competente en materia forestal (Consellería Medio Rural).
- ☐ Autorización/s sectorial correspondente (se procede).
- ☐ Xustificante de pago da fianza segundo o artigo 4.4.º da presente Ordenanza.
- ☐ Plano indicando as vías a utilizar e zonas de depósito da madeira.
- ☐ Ficha catastral da/s pacela/s afectadas.

En Carnota, data e sinatura

dixital ANEXO II

DECLARACIÓN DOUTROS PROPIETARIOS DE FINCAS AFECTADAS

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL:		
DNI/NIF:	Enderezo:	
CP:	Concello:	Provincia:
Teléfono:	Teléfono móbil:	
Correo electrónico/e-mail:		
REPRESENTANTE		
Nome:		DNI:

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL:		
DNI/NIF:	Enderezo:	
CP:	Concello:	Provincia:
Teléfono:	Teléfono móbil:	
Correo electrónico/e-mail:		
REPRESENTANTE		
Nome:		DNI:

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL:		
DNI/NIF:	Enderezo:	
CP:	Concello:	Provincia:
Teléfono:	Teléfono móbil:	
Correo electrónico/e-mail:		
REPRESENTANTE		

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ONCELLO DE CARNOTA

·aza San Gregorio, 19
5293 CARNOTA (A Coruña)
.I.F.: P-1502000-A elf.:

Nome:	DNI:

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL:		
DNI/NIF:	Enderezo:	
CP:	Concello:	Provincia:
Teléfono:	Teléfono móbil:	
Correo electrónico/e-mail:		
REPRESENTANTE		
Nome:		DNI:

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL:		
DNI/NIF:	Enderezo:	
CP:	Concello:	Provincia:
Teléfono:	Teléfono móbil:	
Correo electrónico/e-mail:		
REPRESENTANTE		
Nome:		DNI:

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL:		
DNI/NIF:	Enderezo:	
CP:	Concello:	Provincia:
Teléfono:	Teléfono móbil:	
Correo electrónico/e-mail:		
REPRESENTANTE		
Nome:		DNI:

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL:		
DNI/NIF:	Enderezo:	
CP:	Concello:	Provincia:
Teléfono:	Teléfono móbil:	
Correo electrónico/e-mail:		
REPRESENTANTE		
Nome:		DNI:

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL:		
DNI/NIF:	Enderezo:	
CP:	Concello:	Provincia:
Teléfono:	Teléfono móbil:	
Correo electrónico/e-mail:		
REPRESENTANTE		
Nome:		DNI:

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL:		
DNI/NIF:	Enderezo:	
CP:	Concello:	Provincia:
Teléfono:	Teléfono móbil:	
Correo electrónico/e-mail:		
REPRESENTANTE		
Nome:		DNI:

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL:

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ONCELLO DE CARNOTA

·aza San Gregorio, 19
5293 CARNOTA (A Coruña)
.I.F.: P-1502000-A elf.:

DNI/NIF:	Enderezo:	
CP:	Concello:	Provincia:
Teléfono:	Teléfono móbil:	
Correo electrónico/e-mail:		
REPRESENTANTE		
Nome:		DNI:

En Carnota, a ..... de ..... de 20.....

Asdo.: .....

O ASINADO ELECTRONICAMENTE

Na quenda de intervencións o presidente explica que esta ordenanza serve para controlar as actuacións dos madeireiros no monte. Informa que deberán cumprimentar unha comunicación previa cando teñan que facer unha tala. Desta forma, o Concello coñece ao responsable cando haxa, por exemplo, danos nalgunha vía, ou onde teñen o depósito da leña… Apunta que o Concello, coa aprobación desta ordenanza dispón dunha ferramenta para poder actuar. Solicita saber do resto dos grupos se teñen algo máis que engadir, corrixir ou valorar…

O concelleiro do PP, Elisardo García, apunta que esta ordenanza lle parece correcta, porque a situación de feitos que se producen, con danos nos camiños, ten que acabar, con garantia ás persoas afectadas no asunto. Explica que na ordenanza se fan excepcións, que os madeireiros se teñen que facer responsables dos danos que poidan causar, esixíndolles garantias por peso do vehículo. Finaliza a súa intervención manifestando que lle parece unha ordenanza positiva.

O concelleiro do BNG, Manuel Souto, expón que o seu grupo está encantado con esta ordenanza, e conque se traia neste momento e non antes, porque considera que se estivera aprobada antes, o Concello tería que multarse a si mesmo polas talas de Lamas de Castelo, sen ter coñecemento ningún do que realmente se recolle agora nesta ordenanza.

Non habendo máis intervencións, polo Presidente sométese a proposta a votación, co seguinte resultado:
Votos a favor: 11 (5 do grupo do PsdeG-PSOE, 3 do grupo do PP e 3 do grupo BNG). Votos en contra: 0
Abstencións: 0

Consecuentemente o presidente declara aprobada a proposta.

4. Autorización de paso e ocupación para a colocación de sirena dentro do Plan de Emerxencia das presas de Santa Uxía e Fervenza. Promotor XEAL

Pola presidencia infórmase da seguinte proposta:

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ONCELLO DE CARNOTA

·aza San Gregorio, 19
5293 CARNOTA (A
Coruña)
.I.F.: P-
1502000-A elf.:

Antecedentes de feito e

documentación ASUNTO:

AUTORIZACIÓN DE PASO E OCUPACIÓN

OBRAS: COLOCACIÓN SIRENA DENTRO DO PLAN DE EMERXENCIA DAS PRESAS DE SANTA UXÍA E FERVENZA.

PROMOTOR: XEAL

De conformidade co informe, dos servizos técnicos municipais asinado o 17/11/2021 sobre a solicitude de autorización e licenza de obras para a colocación dunha sirena na parcela do Colexio Público de O Pindo, como parte da obra de implantación do Plan de emerxencias das presas de Santa Uxía e Fervenza que afecta ao Concello de Carnota.

Consta no expediente autorización de data 10/02/2021 da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade como usuaria da instalación.

Considerando que a competencia para autorizar a ocupación de parcelas municipais, corresponde neste caso ao Pleno de conformidade co artigo 22.2.l da Lei 7/1985, posto que a instalación da sirena implica, non só a extensión habitual das redes de servizos urbanos, senón que se produce un cambio na calificación xurídica dunha parcela municipal de uso público, gravado cunha carga a superficie afectada pola instalación.

En atención ao exposto, propoño ao Pleno da Corporación o seguinte ACORDO:

Autorizar de paso e ocupación en canto á superficie que afecta á parcela municipal, referencia catastral n. 9091310MH8499S, tendo en conta que dita autorización, si se concede, debe cumprir as seguinte determinacións:

- A autorización outorgarase a reserva das demais licenzas e autorizacións necesarias, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo os dereitos preexistentes sobre os terreos ou bens. En ningún caso suporá cesión do dominio público, nin asunción pola administración titular de responsabilidade algunha respecto da instalación.

- As actuacións poderán ser inspeccionadas en todo momento polo persoal da administración titular da parcela ou da que outorgou a autorización.

- Finalizadas as obras ou instalacións autorizadas, documentarase a súa terminación, estado e conformidade nos termos da autorización. No seu caso, farase constar as obxeccións de maneira pormenorizada e concederase un prazo proporcionado para a súa corrección.

- As autorización para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público outorgaranse por un prazo máximo de 10 anos.

- As autorizacións outorgadas para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público poderán ser revocadas

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ONCELLO DE CARNOTA

aza San Gregorio, 19
5293 CARNOTA (A
Coruña)
.I.F.: P-
1502000-A elf.:

unilateralmente polo órgano que as outorgou en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible

CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

sexa necesario por calquera motivo de calquera obra que vaia a realizar a administración titular, e quedará obrigada a persoa solicitante a retirar a súa costa os elementos instalados.

- As autorizacións outorgadas para a realización das obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público exclúen o abono á persoa interesada de calquera indemnización por razón dos danos e prexuízos ocasionados pola explotación e uso habitual, incluídos os causados polo tráfico ou por calquera obra que se realice na parcela pola administración titular da mesma, incluídas as de conservación. Neste caso, a reposición das obras e elementos amparados pola autorización será a costa da persoa interesada.

- No que afecta ás vías públicas e ás súas servidumes, e/ou terreos de titularidade municipal, entenderase concedida en precario, sen implicar cesión, nin transmisión de dereitos que corresponden a esta Administración que poderá por causa xustificada ou razóns de interese público, modificar, suspender ou extinguir a mesma sen dereito a indemnización, quedando obrigados para tales supostos, o solicitante ou quen se subrogue na súa posición, cando sexan requiridos polo Concello de Carnota, a recuar, modificar ou trasladar as instalacións solicitadas, sen custe algún para esta administración e no prazo de tempo que se fixe. O Concello non verá limitado os seus dereitos sobre a parcela nin terá ningún tipo de obriga con respecto da instalación.

- Unha vez executada a instalación debe repoñerse o firme da parcela, en continuidade co existente e cos mesmos materiais.

- O paso á sirena por parte da empresa será só admitido para reparacións e actividades de mantemento da instalación. Débese manter a instalación, en todo momento, nas condicións de ornato, uso e seguridade admisibles para asegurar o desfrute e seguridade dos usuarios do espazo público.

Na quenda de intervencións a Presidencia considera que a serea xa tiña que estar colocada fai máis de 20 anos, porque no caso de ocasionarse a rotura dunha desas presas provocaría inundacións que chegarían ata Quilmas. Explica que a actuación consiste na instalación dunha serea nas instalacións do CEIP do Pindo. Así mesmo, manifesta que dúas veces ao ano hai que realizar simulacros.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, sinala que lle parece correcta a colocación dunha serea de emerxencias. Indica que as presas están nos concellos de Dumbría e Mazaricos e que Estradas denegoulle a instalación no seu dominio. Mostra a súa disconformidade con instalar a serea no CEIP do Pindo.

O concelleiro do PP, Pedro Lado, defende a postura de situala no CEIP do Pindo por cuestións técnicas, igual que o presidente.

O concelleiro do BNG, Manuel Souto, asegura que situala no recinto do CEIP xera interferencias ao existiren obras, traspaso de traballadores, simulacros…

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ONCELLO DE CARNOTA

aza San Gregorio, 19
5293 CARNOTA (A
Coruña)
.I.F.: P-
1502000-A elf.:

Os concelleiros entran en debate pola situación da serea.

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible

CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ONCELLO DE CARNOTA

·aza San Gregorio, 19
5293 CARNOTA (A Coruña)
.I.F.: P-1502000-A elf.:

Non habendo máis intervencións, polo Presidente sométese a proposta a votación, co seguinte resultado:
Votos a favor: 8 (5 do grupo do PsdeG-PSOE e 3 do grupo do PP). Votos en contra: 0
Abstencións: 3 do grupo do BNG

Consecuentemente o presidente declara aprobada a proposta.

5. Mocións presentadas.

5.1 R.E.2941 PSOE. 25 de novembro, día internacional da eliminación da violencia contra a muller.

Procede a dar lectura da moción que de seguido se transcribe a Concelleira Mercedes Noceda

"MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), CON MOTIVO DO DÍA 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER, PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE CARNOTA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cada 25 de novembro, o grupo municipal socialista súmase á conmemoración do Día Internacional contra a Violencia contra as mulleres. Compartimos a dor de tantas mulleres que sofren violencia, das súas fillas e fillos, nais, pais, familiares e amizades. A elas diriximos todo o noso apoio, a convicción de que loitamos pola máis xusta das causas e o noso compromiso de non deixar de avanzar ata erradicar da nosa sociedade a violencia machista. Sabemos que o camiño será longo, pero iso só fai máis urxente que apuremos o paso e que sigamos avanzando.
Desde 2003 foron asasinadas no Estado 1.117 mulleres e 44 nenas e nenos. Desde 2019 interpuxéronse 1.743.680 denuncias por violencia de xénero e 452.095 ordes de protección, e 652.795 mulleres recibiron o apoio dos Corpos e Forzas de Seguridade a través do Sistema de Seguimento Integral nos casos de Violencia de Xénero VIOGEN. Segundo os datos da Macroenquisa de violencia contra a muller, o 34,2% das mulleres de todo o Estado sufriron violencia por parte das súas parellas ou exparellas e o 47,2% non denunciou nin empregou os servizos públicos de axuda, e en moita maior medida no caso de mulleres novas.
En Galicia, cada día se incoan nos xulgados 17 novos procedementos penais por violencia contra a muller. Estes xulgados recibiron no segundo trimestre deste ano 1.649 denuncias por violencia machista, un 10,4 % máis que no mesmo período do ano pasado. Tamén con respecto a 2020 existiu un incremento do 9,6% no número de mulleres que son recoñecidas como vítimas, sendo a 30 de xuño de 2021 un total de 1.636. O primeiro Informe sobre a Violencia contra a Muller 2015-2019 apunta ademais que cerca da metade das infraccións penais cometidas contra mulleres en Galicia responden a violencia psíquica, a máis invisible das violencias machistas.

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ONCELLO DE CARNOTA

·aza San Gregorio, 19
5293 CARNOTA (A Coruña)
.I.F.: P-1502000-A elf.:

Non podemos resignarnos a que se asuma como normalidade a traxedia dolorosamente cotiá da violencia machista porque non é un destino escrito en pedra senón o resultado, tal e como sinala Nacións Unidas, “dunhas relacións de poder desiguais entre mulleres e homes que persiste como unha crise silenciosa”.

Como cada 25 de Novembro as e os socialistas alzamos a voz contra ese silencio. Sumamos a nosa palabra á de millóns de mulleres e homes que en todo o planeta din basta e reafirmamos ese compromiso tamén con feitos.

Desde o Partido Socialista impulsamos o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, que supuxo o recoñecemento de que existe un tipo específico de violencia, a que se exerce contra as mulleres polo feito de ser mulleres e supuxo un cambio completo de perspectiva amplamente demandada polo movemento feminista.

Co Real Decreto-lei de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero abordáronse os cambios lexislativos necesarios para ampliar a protección das vítimas e as súas fillas e fillos, e durante a crise da COVID-19 puxéronse a disposición das administracións os fondos para previr e combater a violencia de xénero. Tamén a igualdade é un dos catro eixos principais do ‘Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia’ que lidera o Goberno de España e a loita contra a violencia machista terá un papel prioritario neste proceso.

O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero cumprirá a súa vixencia o próximo año e consideramos que é o momento de coñecer o seu impacto, de avaliar, renovar e actualizar o compromiso contra a violencia machista, volvendo sumar o maior consenso posible para que a violencia de xénero siga a ser unha cuestión de Estado, que atinxe a todos os partidos políticos. É o momento de mellorar a coordinación das diferentes administracións na loita contra a violencia de xénero, así como dotar esta tarefa co financiamento axeitado a través das Comunidades Autónomas e concellos, pero tamén a través das organizacións feministas da sociedade civil.

En cumprimento co Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, o Partido Socialista considera que os diferentes tipos de violencia que sofren as mulleres requiren de leis específicas e integrais para adecuar a necesidade de intervención e de protección a cada tipo de violencia. É urxente a aprobación da Lei Orgánica de Garantia da Libertad Sexual -coñecida como Lei do Só Si é Si- para que o consentimento da muller sexa o aspecto fundamental sobre o que se configuran os delitos contra a liberdade sexual.

Consideramos que se debe avanzar cara a un novo marco lexislativo orientado á abolición da prostitución. A trata con fins de explotación sexual non pode desligarse da prostitución, a forma máis terrible de violencia contra as mulleres. Son dúas caras dunha mesma realidade xa que a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual existe porque hai demanda de mulleres e nenas para a prostitución. O Partido Socialista desexa unha sociedade onde as mulleres e as nenas non sexan prostituídas, nas que os corpos de mulleres e nenas non sexan obxectos de consumo. O noso modelo de sociedade é un no que homes e mulleres son iguais e libres e esa idea é incompatible coa prostitución e la trata de seres humanos.

Non podemos esquecer que a prostitución non é un problema das mulleres, senón de calidade democrática. Garantir a liberdade, a seguridade e a vida

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ONCELLO DE CARNOTA

aza San Gregorio, 19
5293 CARNOTA (A
Coruña)
.I.F.: P-
1502000-A elf.:

das mulleres e protexer as vítimas non é unha opción, é unha obriga. A violencia machista interpélanos e as administracións locais debemos combatela con todos os medios ao noso alcance.

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible

CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ONCELLO DE CARNOTA

·aza San Gregorio, 19
5293 CARNOTA (A Coruña)
.I.F.: P-1502000-A elf.:

No ámbito das nosas competencias, desenvolvemos un papel fundamental na prevención, así como na información, asesoramento, protección e acompañamento ás mulleres vítimas e seus fillos e fillas.

Por todo isto, desde o Grupo Municipal Socialista de Carnota propoñemos para a súa aprobación polo Pleno os seguintes acordos:

- Ratificar o compromiso firme do Concello cos dereitos das mulleres, a erradicación de

calquera tipo de violencia machista e combater calquera discurso negacionista e posicionamento político que negue a violencia de xénero ou rexeite as políticas públicas enfocadas á súa total erradicación.

- Impulsar e/ou reforzar as medidas contidas na Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro,

de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero no marco das competencias municipais, así como o seu seguimento.

- Instar ao Goberno de España á actualización e renovación do Pacto de Estado contra a

Violencia de Xénero en Cortes Xerais para buscar o maior consenso político e social e á mellora da coordinación institucional para garantir que os Fondos do Pacto se implementen da maneira máis óptima.

- Dotar dos recursos económicos necesarios e axentes especializados os instrumentos de

loita contra todas as formas de violencia contra as mulleres.

- Impulsar no marco das competencias municipais que as políticas públicas en materia de servizos sociais, sanidade, seguridade e igualdade teñan tamén como obxectivo a abolición da prostitución.
- Instar ao Goberno de España a impulsar un marco normativo orientado á abolición da

prostitución.

- Colaborar coas asociacións da sociedade civil que loitan contra a violencia machista e traballan pola igualdade de homes e mulleres.

Na quenda de intervencións a concelleira do BNG, María Pilar Tubío, sinala que o BNG está completamente de acordo coa moción presentada. Quere puntualizar unha serie de cuestións. Afirma que o compromiso do Concello debe comezar con non convocar un Pleno o día 25 de novembro, porque é o día que todas as asociacións feministas convocan as súas manifestacións, xuntanzas... Chámalle a atención que o grupo municipal do PSOE, que son do mesmo partido do goberno, partido que impulsou esta lei, fale de contar con medios económicos. Afirma que esta lei naceu coxa, debido a que non naceu cunha dotación económica e o acompañamento ás vítimas aínda non existe hoxe en día, asegurando que é fundamental (acompañamento psicolóxico...). Segue explicando que as persoas que traballan na xustiza, avogados, aínda hoxe en día, non dispoñen da formación específica suficiente para atender este tipo de casos. A concelleira apunta que é o segundo ano consecutivo que o Concello perde unha subvención de igualdade (este ano 4.000 e pico euros e o ano pasado algo parecido). Aclara que son o goberno de España e a Xunta os que teñen que dotar de recursos económicos, e

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

explica que non o fan... prosegue a súa intervención apuntando sobre a necesidade de que exista no CIM de Muros, co que hai un convenio, un axente de igualdade. Considera que os Servizos Sociais do Concello deberían pactar cos de Muros para que houbera este axente, xa que hai subvencións e é moi necesario. Sinala que é a segunda moción do PSOE

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ONCELLO DE CARNOTA

·aza San Gregorio, 19
5293 CARNOTA (A Coruña)
.I.F.: P-1502000-A elf.:

que trata sobre a abolición da prostitución. Ínstaos a que o fagan inmediatamente e advirte de que hai que buscarlle unha solución ás mulleres prostituídas. Por outro lado, aclara que neste Concello existe unha asociación feminista, primeira e única, e a colaboración do Concello con esta asociación é nula. Así mesmo, asegura que aínda que exista unha colaboración non vincula nin obriga a esa asociación feminista a que teñan que calar ante feitos que a poñen no machismo e nos estereotipos. Apunta que se unha institución non é capaz de entender isto, por mal camiño se vai. Sostén que os representantes públicos que non entendan para que está unha asociación feminista terán que repasar o manual dos bos usos e ler un bo libro que fale do feminismo e da súa loita. Desta forma, entendería todo o mundo o que é o feminismo e unha asociación feminista.

O concelleiro do PP, Elisardo García, explica que este tipo de moción trata sobre un tema complexo. Di que a propia moción apunta a que desde o ano 2003 foron asasinadas no Estado
1.117 mulleres e 44 nenas e nenos. Sinala que ao longo do tempo se buscou amparar as situacións desprotexidas e vulnerables mediante a lexislación, sobre todo, penal. Sostén que se chega á lei integral no ano 2004, á Lei 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Asegura que a situación xorde moi atrás.
O concelleiro procede a ler unhas referencias históricas de cando se toma conciencia do problema:
“No ano 75 a ONU ocúpase por primeira vez do tema da violencia contra a muller. No ano 85 recoñécese implicitamente que a violencia contra as mulleres vén sendo un crime encuberto. No ano 90 considérase a violencia de xénero como vulneración dos dereitos humanos. No ano 95, na cuarta Conferencia Mundial sobre as Mulleres, evidenciouse a violencia contra as mulleres como un gran obstáculo para a igualdade. No ano 97 a ONU acorda levar a cabo un plan de acción. En España no ano 84 créanse as casas de acollida. No ano 86 hai unha ponencia de dereitos humanos sobre investigación de malos tratos á muller e no ano 97 existe unha conferencia sectorial extraordinaria sobre a violencia contra as mulleres”.
O concelleiro do PP traslada que é un tema complexo, que a lexislación dos diferentes gobernos procurou protexer este tipo de violencia individualizada, que require unha resposta multidisciplinar no asunto, ata chegar á lei do ano 2004. Afirma que a protección das mulleres, con respecto a ese tipo de violencia, require unha contestación por parte dos órganos do Estado, e advirte que coa lexislación existente non se vai chegar a bo fin, xa que pode protexer, mitigar a acción, pero non vai erradicar a problemática, sobre todo por tratarse da lexislación penal, porque se aplica cando o feito delituoso se produce.
O concelleiro prosegue a súa intervención pondo como exemplo o caso da Galicia profunda. Asegura que a xuíza tivo unha falta de responsabilidade utilizando o termo da Galicia profunda, pero ese auto, evidencia que a lei integral tamén produce discriminacións aos homes. Aclara que no auto se contemplan mensaxes de texto, onde a muller ameazaba ao marido con levar aos fillos para Galicia, insultábao. Apunta que, no caso de que esa situación fose ao revés existiría violencia, pero, neste caso, contra o marido non se considera violencia, polo que existe unha discriminación positiva cara a muller. Con todo isto, quere matizar que a lexislación non vai solucionar o problema…

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ONCELLO DE CARNOTA

aza San Gregorio, 19
5293 CARNOTA (A
Coruña)
.I.F.: P-
1502000-A elf.:

A concelleira do BNG, María del Pilar Tubío, faille saber que non leu o auto, que só lle chamou a atención o da Galicia profunda. Pregúntalle ao concelleiro do PP se sabe cantas mulleres foron asasinadas oficialmente este ano no estado español. Responde que 38 (oficiais).

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible

CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ONCELLO DE CARNOTA

·aza San Gregorio, 19
5293 CARNOTA (A Coruña)
.I.F.: P-1502000-A elf.:

Pregúntalle, se quere saber, sen seren oficiais, cantas asasinaron no estado español. Responde que 77 mulleres foron asasinadas nas mans de homes. A concelleira entende que sobre este tema sobra discusión. Asegura que por suposto que a lei contra a violencia de xénero é para protexer á muller, xa que as cifras achegan datos escandalosos.

O concelleiro do PP, Elisardo García, repite que a lexislación penal non vai resolver o problema, porque se aplica cando o feito delituoso se produce.

Os concelleiros debaten sobre o asunto.

O presidente diríxese ao concelleiro do PP para facerlle saber que a cronoloxía indicada anteriormente, define que os gobernos socialistas foron os que impulsaron as medidas contra a violencia de xénero. Explica que outros gobernos foron os que paralizaron esta cuestión e outras... Sinala que é un problema que non se vai erradicar nunca, pero si se deben aplicar políticas que mitiguen as situacións de violencia. Considera que a dereita deste país freou o avance para erradicar a violencia machista.

O presidente diríxese á concelleira do BNG, María Pilar Tubío, para indicarlle que está mentindo cando asegura que o Concello non colabora coa asociación feminista. Faille saber que utilizan un local público e que todas as inquietudes que lle presentaron ao Concello foron resoltas.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, asegura que non é mentira, que a colaboración é algo máis que facer unha fotocopia... Aclara que o significado de colaboración vai máis alá diso.

A concelleira do PSOE, María Mercedes Noceda, apunta que sempre que a asociación se puxo en contacto con ela, colaborou en todo.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, trasládalle que ela, como concelleira de Igualdade, é a que debe pórse en contacto coa asociación feminista, non ao revés.

Debaten sobre se é o Concello quen debe convocar ás diferentes asociacións...

A concelleira do PSOE, María Mercedes Noceda, aclara que outras asociacións acoden ao Concello a solicitar colaboración, sen ser o caso de Sonlila.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, replica que foron insultadas polas redes sociais.

A concelleira do PSOE, María Mercedes Noceda, aclara que ela en ningún momento insultou a ninguén.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, coméntalle que o permitiu. Explícalle que unha asociación feminista ten a obriga de denunciar se hai machismos ou estereotipos e considera que a unha institución non lle debe parecer mal iso.

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A
CCoruña)
T.I.F.: P-
F1502000-A elf.:

Non habendo máis intervencións, polo Presidente sométese a moción a a votación, co seguinte resultado:
Votos a favor: 11 (5 do grupo do PsdeG-PSOE e 3 do grupo do PP e 3 do grupo do BNG). Votos en contra: 0
Abstencións: 0

Consecuentemente o presidente declara aprobada a moción.

I. PARTE DE CONTROL

1. Dar conta das resolucións do Alcalde desde a última sesión ordinaria.

A Corporación quedou informada das resolucións ditadas polo Alcalde desde a última sesión, que estiveron a disposición dos concelleiros e concelleiras desde a mesma data da convocatoria.

2. Rogos e preguntas.

Non houbo.

Non habendo máis asuntos que tratar, o presidente levanta a sesión, dándose por rematado o acto ás vinte e unha horas do día anteriormente expresado, estendéndose a presente acta. De todo o que, como secretaria accidental, dou fe.

A secretaria acctal, María Dolores

Maceiras Martinez O alcalde, Juan

Manuel Saborido Rama

FIRMADO POR María Dolores Maceiras Martínez (FECHA: 02/03/2022 09:06:00)
Versión imprimible
CVD: ggZymXd0+D6Io3RJRXX9
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.